



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Telef. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA DOCE DE MARZO DE 2024 CON CARÁCTER ORDINARIO

SRES. ASISTENTES:

Alcalde-Presidente	D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO
Tenentes de Alcalde:	D. MANUEL COSTA CARNEIRO D. ENRIQUE VÁZQUEZ MARTÍNEZ D ^a . MARÍA SUSANA GARCÍA LEMA D ^a . DIANA VARELA BARREIRO
Secretario	D. CARLOS J. MÉNDEZ –LOSADA ABALO

Na Casa do Concello de Vedra, sendo as vinte horas e trinta e cinco minutos do día doce de marzo de dous mil vinte e catro, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente don Carlos Martínez Carrillo, réunese en sesión ORDINARIA a XUNTA DE GOBERNO LOCAL, figurando os membros da mesma ao inicio desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pasan a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (08/02/2024).

Dáse conta da acta da sesión celebrada o día oito de febreiro do ano que andamos, que se aproba por unanimidade.

2º.- Instancias de obras de particulares e comunicacións previas.

2.1.- Instancia núm. 202399900000597 de dona Sandra Vicente Iglesias. (Expediente núm. 2023/U022/000026)

Dáse conta da citada instancia na que a interesada solicita licenza para obras de construción de alpendre para uso agrícola de 50,00 m² de superficie en Sete, 32 - Ribadulla (Santa Cruz) (expediente núm.: 2023/U022/000026), en solo cualificado como “Solo rústico de especial protección agropecuaria (R-2)”, segundo o vixente PXOM, nos termos da documentación técnica achegada asinada por José M. Pena Alonso, en calidade de enxeñeiro técnico agrícola, e un presuposto de execución material de 20.585,55 euros.

As actuacións cumpren, dende o punto de vista técnico, o vixente Plan Xeral de Ordenación Municipal deste concello de Vedra e executaranse sobre a parcela con referencia catastral: 15090A50701455.

Dáse conta tamén dos informes, que se anexan ao expediente, emitidos por:

- Xefatura Territorial de A Coruña da Consellería do Medio Rural, expediente con referencia 2023/1846685.
- Axencia Galega de Infraestruturas, expediente IF204A/AC/2023/129.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente e do informe emitido polos servizos técnicos municipais e a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras ou actuacións atender ás seguintes condicións:

1º.- O prazo para o inicio das obras será de seis meses e de tres anos para a finalización, a contar dende a data de concesión da licenza. O incumprimento dos prazos sinalados determinará a



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



caducidade da licenza, previa incoación de expediente de caducidade con audiencia á interesada. Os prazos sinalados poderán prorrogarse de conformidade co establecido na lexislación vixente.

2º.- Executaranse conforme á documentación técnica achegada asinada por José M. Pena Alonso de data 13/06/2023, sen que se poida alterar o proxecto ou actuacións autorizadas, se previamente non se solicita e obtén do concello de Vedra a autorización expresa para tal alteración. As actuacións axustaranse ao contido dos informes sectoriais emitidos.

O promotor responderá dos posibles danos que se causen no espazo público con motivo da execución das obras ou actuacións. No caso de ser preciso o valado da obra ou actuación deberá reunir as debidas condicións de seguridade para a protección da vía pública e estarán debidamente sinalizados, especialmente durante a noite. Non será preciso o permiso de valado cando a obra ou actuación se realice no interior da parcela, sen afectar á vía pública. Os medios auxiliares a empregar dotaranse das medidas de protección precisas para evitar, de ser o caso, que materiais e ferramentas poidan caer á rúa, a fin de non comprometer a seguridade pública. No caso de ser preciso a ocupación de parte da vía pública con estadas ou similar, deberá resolverse o paso dos viandantes en condicións axeitadas de seguridade. Se é preciso desviar o tráfico peonil antes da realización das obras deberá solicitarse autorización para que, por parte dos servizos técnicos municipais, se dean as indicacións oportunas para a súa correcta disposición. Disporanse os medios auxiliares precisos para non afectar nin provocar prexuízos ás edificacións lindeiras ou a terceiros.

Os residuos de construción producidos durante a execución das obras ou actuacións serán levados a vertedoiro autorizado.

Os traballos realizaranse baixo a vixilancia do persoal encargado do mantemento das redes de abastecemento e saneamento cando estas existan na zona da actuación. En caso contrario e á vista do disposto no artigo 24 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia deberá dotar á finca de abastecemento de auga e de sistema de eliminación de augas residuais, de forma simultánea coa edificación, achegando as autorizacións preceptivas de Augas de Galicia.

A licenza concedida non autoriza a execución de peches nin valados na parcela non reflectidos no proxecto.

Durante a execución das obras ou actuacións o persoal dos servizos técnicos municipais do concello de Vedra poderá inspeccionar os traballos sempre que o xulguen conveniente ou o ordene a autoridade municipal.

Deberase dispoñer nas obras e actuacións obxecto de licenza do proxecto autorizado e da licenza, así como do cartel de obra nun lugar visible. O cartel de obra será facilitado polo concello, previa liquidación das taxas correspondentes e vixentes.

Apróbanse as seguintes liquidacións:

-Impostos sobre construcións, instalacións e obras (provisional): catrocentos once euros con setenta e un céntimos (#411,71#).

Os interesados ingresarán, na conta sinalada para os efectos, os importes das liquidacións de dereitos resultantes do expediente e, logo de acreditado o pagamento, expedirase a licenza e o cartel de obra.

2.2.- Instancia núm. 202499900000070 de dona Elena Souto Bestilleiro. (Expediente núm.: 2024/U022/000002)



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Telef. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



Dáse conta da citada instancia na que a interesada solicita licenza para obras de reforma parcial de vivenda unifamiliar en Paradela, 12 - Sales (San Xián) (expediente núm.: 2024/U022/000002), en solo cualificado como “De expansión dos núcleos rurais (N-2)”, segundo o vixente PXOM, nos termos da documentación técnica achegada asinada por Juan José Esturao Pena en calidade de arquitecto e un presuposto de execución material de 36.081,85 euros, coas seguintes características:

PARÁMETRO	ORDENANZA N-1	ORDENANZA N-2		PROXECTO
Parcela (neta) mínima (m ²)	300,00	600,00	(1)(2)	3928,00
Parcela bruta total (m ²)				3928,00
Cesións regularización vías (m ²)	A aliñación	A aliñación		SIN CESIÓN
Edificabilidade (m ² /m ²)	0,40	0,30 (1178,40)		530,82 < (1178,40)
Ocupación máxima (%)	50	40 (1571,20)		408,71 < 1571,20
Aliñación (m)	Plan. / 4,00 eixo	Aliñación / >3,00		> 3,00 m
Recuamentos (m)	Aliñ/>3,00	>3,00	(3)	3,00
Alturas (Plantas/m)	S+B+1 / 7,00	S+B+1 / 7,00	(4)	B+1/5,40
Altura soto sobre rasante (m)	Teito < 0,60	Teito < 0,60		-
Usos	Viv. unifamiliar	Viv. unifamiliar		Viv. unifamiliar

As actuacións cumpren, dende o punto de vista técnico, o vixente Plan Xeral de Ordenación Municipal deste concello de Vedra e executaranse sobre a parcela con referencia catastral: 001000200NH34B.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente e do informe emitido polos servizos técnicos municipais e a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras ou actuacións atender ás seguintes condicións:

1º.- O prazo para o inicio das obras será de seis meses e de tres anos para a finalización, a contar dende a data de concesión da licenza. O incumprimento dos prazos sinalados determinará a caducidade da licenza, previa incoación de expediente de caducidade con audiencia á interesada. Os prazos sinalados poderán prorrogarse de conformidade co establecido na lexislación vixente.

2º.- Executaranse conforme á documentación técnica achegada asinada por Juan José Esturao Pena, número de visado 2400250/3 e ao anexo de data 15/02/2024, sen que se poida alterar o proxecto ou actuacións autorizadas, se previamente non se solicita e obtén do concello de Vedra a autorización expresa para tal alteración.

O promotor responderá dos posibles danos que se causen no espazo público con motivo da execución das obras ou actuacións. No caso de ser preciso o valado da obra ou actuación deberá reunir as debidas condicións de seguridade para a protección da vía pública e estarán debidamente sinalados, especialmente durante a noite. Non será preciso o permiso de valado cando a obra ou actuación se realice no interior da parcela, sen afectar á vía pública. Os medios auxiliares a empregar dotaranse das medidas de protección precisas para evitar, de ser o caso, que materiais e ferramentas poidan caer á rúa, a fin de non comprometer a seguridade pública. No caso de ser preciso a ocupación de parte da vía pública con estadas ou similar, deberá



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



resolverse o paso dos viandantes en condicións axeitadas de seguridade. Se é preciso desviar o tráfico peonil antes da realización das obras deberá solicitarse autorización para que, por parte dos servizos técnicos municipais, se dean as indicacións oportunas para a súa correcta disposición. Disporanse os medios auxiliares precisos para non afectar nin provocar prexuízos ás edificacións lindeiras ou a terceiros.

Os residuos de construción producidos durante a execución das obras ou actuacións serán levados a vertedoiro autorizado.

Rematada a construción, instalación, ampliación ou reforma dunha edificación e recibidas as obras de urbanización (cando proceda), non poderá ser utilizada se o beneficiario da licenza de obra non comunica a primeira ocupación da edificación, achegando a documentación preceptiva.

Os beirís de cuberta non excederán os 0,40 m. de saínte, conforme ao artigo 18.17 da normativa urbanística do vixente PXOM.

A licenza concedida non autoriza a execución de peches nin valados na parcela non reflectidos no proxecto.

Durante a execución das obras ou actuacións o persoal dos servizos técnicos municipais do concello de Vedra poderá inspeccionar os traballos sempre que o xulguen conveniente ou o ordene a autoridade municipal.

Deberase dispoñer nas obras e actuacións obxecto de licenza do proxecto autorizado e da licenza, así como do cartel de obra nun lugar visible. O cartel de obra será facilitado polo concello, previa liquidación das taxas correspondentes e vixentes.

Apróbanse as seguintes liquidacións:

-Impostos sobre construcións, instalacións e obras (provisional): setecentos vinte e un euros con sesenta e catro céntimos (#721,64#).

Os interesados ingresarán, na conta sinalada para os efectos, o importe da liquidación de dereitos resultantes do expediente e, logo de acreditado o pagamento, expedirase a licenza.

Coa certificación final de obra e a comunicación de primeira ocupación deberá achegarse a liquidación definitiva da obra ou actuación para o cálculo final do imposto de construcións, instalacións e obras.

2.3.- Comunicación de obra de dona María del Carmen Raviña Pereiro. (Expediente núm. 2024/U026/000009)

Dáse conta do citado expediente de comunicación de obra promovido por dona María del Carmen Raviña Pereiro para peche de parcela con base de bloque de 60 cm. de altura, enfuscado e pintado, con postes e malla electrosoldada na fronte da parcela e o resto con base de bloque e malla de torsión con altura total máxima de 1,50 m. colocación de portal de acceso de 3 m. e lonxitude total do peche de 222 m. Recuarase 6 m. do eixe da vía. Dáse conta da autorización outorgada pola Dirección Xeral do Patrimonio Cultural.

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre a parcela con referencia catastral 2463207NH4326S, emprazada en Avenida Mestre Manuel Gomez, en solo cualificado polo vixente PXOM deste concello como De expansión dos núcleos rurais (N-2) e Rústico de especial protección agropecuaria (R-2), e cun prazo de execución de 12 meses.



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente e a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, acorda:

Primeiro.- Tomar coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo axustarse aos termos da documentación achegada e aos datos comunicados.

Segundo.- Aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de douscentos sete euros con corenta e dous céntimos (#207,42#).

2.4.- Instancia núm. 202300000000678 de dona Purificación Castelao Pérez. (Expediente prórroga número: 2023/U003/000005)

Dáse conta da citada instancia na que a interesada expón que a Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o 10/07/2014 concedeulle licenza para construción de vivenda unifamiliar en Rosende – Merín (San Cristovo) (Expediente número 2014/U008/000002), e dado que por diversos motivos non puido rematalas, solicita a concesión dunha terceira prórroga.

A Xunta de Goberno Local, á vista do disposto no artigo 145 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, acorda concederlle unha prórroga, por un novo prazo de 3 anos, para a finalización das obras obxecto do expediente.

A prórroga concedida entenderase dende a expiración do prazo inicialmente concedido ou dende a finalización do prazo da prórroga anterior.

2.5.- Instancia núm. 202399900000781 de Bocaleon Ibérica, S.L. (Expediente núm. 2023/U022/000030)

Dáse conta da citada instancia na que a interesada solicita que se tramite autorización autonómica para construción de adega, superficie construída de 5.016,16 m², e edificio enoturístico, superficie construída de 2.924,01 m², sobre das parcelas 153 a 159 do polígono 507 do plano do catastro de Vedra e nos termos da documentación técnica achegada asinada por Jesús Marino Pascual, en calidade de arquitecto, e de data xuño do 2023. Expediente municipal número 2023/U022/000030.

As actuacións preténdense en solo cualificado polo vixente PXOM de este concello como solo rústico de especial protección forestal (R-3).

Iniciado o expediente e realizada a tramitación establecida na normativa aplicable, resultan as seguintes actuacións e documentación:

- Informe xurídico emitido con data do 26/10/2023.
- Informe dos Servizos Técnicos Municipais emitido con data do 27/11/2023.
- Anuncio de exposición ao público publicado no xornal La Voz de Galicia, no taboleiro de edictos do concello e na sede electrónica do concello de Vedra.
- Informe sectorial emitido por Xefatura Territorial de A Coruña da Consellería do Medio Rural Servizo de Montes con data do 12/12/2023.
- Certificación de Secretaría de que non se achegaron alegacións ao expediente en trámite.

Polo exposto, e á vista do disposto na vixente Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e o seu regulamento aprobado polo Decreto 143/2016, do 22 de setembro, a Xunta de Goberno Local acorda a remisión ao órgano autonómico competente en materia de urbanismo do expediente tramitado e da documentación técnica do mesmo, para emisión, de ser o caso, da autorización autonómica pertinente.



3º.- Declaración responsable renovación furanchos.

3.1.- Instancia de don Manuel López Carreira. (Expediente núm. 2024/U015/000002).

Dáse conta da declaración responsable, presentada por don Manuel López Carreira, para renovar o funcionamento un establecemento dedicado a FURANCHO no lugar de Ximonde, 1 – Saradón (San Miguel), neste termo municipal . Referencia catastral: 002000400NH43C.

Vista a documentación que se achega e tendo en conta o disposto no Decreto 215/2012, do 31 de outubro, polo que se regulan os furanchos da Comunidade Autónoma de Galicia.

A Xunta de Goberno Local toma coñecemento do declarado, e nos termos da documentación achegada, debendo comunicar o peche do establecemento ao finalizar o período autorizado, sen que isto supoña baixa da actividade, e a nova apertura na tempada seguinte acompañando a seguinte documentación:

- Renovación do seguro de responsabilidade civil.
- Documentación acreditativa de ter realizado as declaracións obrigatorias do viño.
- Análise do viño da nova tempada e cantidade da que se dispón.

O novo período de apertura será do 01/03/2024 ao 01/06/2024. Así mesmo darase traslado da renovación aos órganos competentes en materia de turismo, medio rural e sanidade.

4º.- Acordo, se procede, do recoñecemento do dereito de redución da cota tributaria da taxa de recollida de lixo no padrón fiscal do exercicio 2024

En relación coa *taxa por actividades e servizos relacionados coa hixiene pública*, regulada pola Ordenanza fiscal núm. 12 (BOP núm. 5 do 08.01.2004) modificada por acordo plenario de data 26/10/2023 (BOP núm. 243 do 22.12.2023), e coa formación do Padrón Fiscal do vixente exercicio 2024, polo que respecta ás *reducións na aplicación da tarifa correspondente á prestación do servizo de xestión do lixo domiciliario* (Expediente núm. 2024/X999/000002: XT_Padrón Fiscal taxa recollida de lixo exercicio 2024 –reducións da cota tributaria).

Dáse conta do expediente de xestión tributaria instruído a iniciativa dos Servizos Sociais municipais para o recoñecemento do *dereito de redución da cota tributaria* aos contribuíntes, propietarios de vivendas, identificados e relacionados no Anexo que obra no expediente, previa solicitude por parte dos mesmos.

No expediente constan os seguintes informes favorables:

- O informe da Traballadora Social, do 12/02/2024, no que se manifesta que os citados propietarios cumpren os requisitos esixidos no artigo 8.1 da Ordenanza, dado que os ingresos anuais totais da unidade familiar non superan o IPREM vixente, correspondéndolle a cada un dos titulares relacionados unha redución do 50% (9 contribuíntes) da cota tributaria.
- O preceptivo informe de Secretaría-Intervención, de data 21/02/2024, acreditativo de que todos os solicitantes se encontran ao corrente no pago da taxa e demais obrigas tributarias municipais e do importe da cota tributaria vixente para o actual exercicio, así como da contía da minoración no importe total do padrón fiscal (367,52 euros), no suposto do recoñecemento das reducións solicitadas.

Visto o expediente e os citados informes e vista a delegación feita polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o día 18/02/2015, en relación co establecido no parágrafo segundo do artigo 8.1 da Ordenanza fiscal, a Xunta de Goberno Local acorda:



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



Primeiro: Recoñecer o dereito de redución da cota tributaria solicitado polos citados contribuíntes, que figuran no Anexo I da presente acta.

Segundo: Que no padrón fiscal que se forme para o actual exercicio 2024, a liquidación correspondente a cada unha das 9 vivendas que se relacionan no Anexo citado se practique polo importe de 40,84 euros, o que supón a redución do cincuenta por cento da cota tributaria anual vixente de 81,67 euros por vivenda, así como unha minoración no importe total do citado padrón fiscal que ascende á cantidade de 367,52 euros.

5º.- Dar conta de Resolucións da Alcaldía.

Dáse conta das Resolucións da Alcaldía dos meses de xaneiro e febreiro:

DECRETO	DATA	ASUNTO
1	02/01/2024	Altas no padrón municipal de habitantes
2	02/01/2024	Altas no padrón municipal de habitantes
3	02/01/2024	Cambios de domicilio no padrón municipal de habitantes
4	05/01/2024	Solicitud de subvención á Deputación PEL-Rede Coworking para mantemento do Centro de Emprendemento A Estación –espazo coworking do Concello de Vedra
5	09/01/2024	Alta no servizo municipal de abastecemento de auga da vivenda núm. 12 de Piñeiro –Illobre
6	09/01/2024	Cambio titularidade recibos da taxa de lixo da vivenda núm. 11 de Pousada de Arriba –Vedra
7	10/01/2024	Redución intensidade do SAF, modalidade libre concorrencia a MEMR
8	10/01/2024	Concesión de axuda de emerxencia social a SNI
9	10/01/2024	Expediente de reposición da legalidade por obras de peche de parcela en Cumbraos – San Pedro de Vilanova
10	10/01/2024	Aprobación listaxe cobradora mediante domiciliación bancaria do servizo da EIM, en concepto de comedor, correspondente ao mes de decembro de 2023
11	10/01/2024	Aprobación listaxe cobradora mediante domiciliación bancaria do Programa Conxuga, servizo de madrugadores, correspondente ao mes de xaneiro
12	10/01/2024	Suspensión temporal da praza da EIM, curso 2023/2024, por causas médicas a RRB
13	10/01/2024	Aprobación listaxe cobradora mediante domiciliación bancaria do Programa Conxuga, servizo de ludoteca, correspondente ao mes de xaneiro
14	10/01/2024	Concesión de axuda de emerxencia social a FHC
15	10/01/2024	Aprobación listaxe cobradora mediante domiciliación bancaria do servizo de cesión de uso do posto no Centro de Emprendemento A Estación correspondente ao mes de xaneiro
16	10/01/2024	Proceso de estabilización do emprego temporal (Lei 20/2021): Declarando como persoal laboral fixo, praza de conserxe e servizos múltiples, a don Gerardo Cerdeira Souto
17	10/01/2024	Proceso de estabilización do emprego temporal (Lei 20/2021): Declarando como persoal laboral fixo, praza de operario/a de brigada verde, a dona Patricia Deber Muíños e dona Patricia Iglesias Ares
18	10/01/2024	Proceso de estabilización do emprego temporal (Lei 20/2021):



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



		Declarando como persoal laboral fixo, praza de operario/a de RSU, a don Jesús Fernández Pereira
19	10/01/2024	Proceso de estabilización do emprego temporal (Lei 20/2021): Declarando como persoal laboral fixo, praza de condutor/a operario/a de maquinaria , a don José Ricardo Lobato Botana
20	10/01/2024	Aprobación listaxe cobradora mediante domiciliación bancaria do SAF- Libre concorrencia correspondente ao mes de decembro
21	10/01/2024	Aprobación listaxe cobradora mediante domiciliación bancaria do SAF -dependencia correspondente ao mes de decembro
22	10/01/2024	Aprobación listaxe cobradora mediante domiciliación bancaria do servizo de inglés correspondente ao mes de xaneiro
23	11/01/2024	Proceso de estabilización do emprego temporal (Lei 20/2021): Declarando como persoal laboral fixo, praza de limpador/a, a dona María Carmen Pérez Torres
24	11/01/2024	Proceso de estabilización do emprego temporal (Lei 20/2021): Declarando como persoal laboral fixo, praza de albanel oficial de 2ª, a don José Antonio Gómez Souto
25	11/01/2024	Proceso de estabilización do emprego temporal (Lei 20/2021): Declarando como persoal laboral fixo, praza de operario/a de servizos varios (augas), a don Manuel Fernando Lobato Cutrín
26	11/01/2024	Altas no padrón municipal de habitantes
27	11/01/2024	Altas no padrón municipal de habitantes
28	16/01/2024	Devolución aval constituído por Limpezas Faro, S.L para responder da execución do contrato de prestación do servizo de limpeza dos locais municipais (Exp. 2021/C004/000001)
29	17/01/2024	Cumprimento trienios persoal municipal
30	17/01/2024	Autorización corte de carballo a Maderas Lata, S.L
31	18/01/2024	Altas no padrón municipal de habitantes
32	19/01/2024	Concesión de axuda de emerxencia social a NAA
33	19/01/2024	Concesión SAF –Regularización pola vía ordinaria do servizo concedido previamente por urxencia a NAA
34	19/01/2024	Cambio titularidade recibos taxa de lixo da vivenda núm. 11 de Castro –Illobre
35	22/01/2024	Altas no padrón municipal de habitantes
36	22/01/2024	Concesión de axuda de emerxencia social a MPNH
37	22/01/2024	Aprobación complementaria do Fondo de Acción Social 2º período de 2023
38	23/01/2024	Altas no padrón municipal de habitantes
39	22/01/2024	Aprobación da autoliquidación do 3º cuatrimestre do canon da auga e tramitación perante Augas de Galicia
40	23/01/2024	Aprobación do padrón fiscal da taxa por abastecemento de auga do 4º trimestre de 2023
41	23/01/2024	Aprobación e pagamento da taxa de Augas de Galicia por tramitación da autorización sectorial para a obra de Proxecto e reforma de camiños en Gundián, Sobredo e outros (POS +2024)
42	23/01/2024	Concesión de anticipo a persoal laboral fixo
43	24/01/2024	Aprobación indemnizacións por asistencias aos membros da corporación do 4º trimestre de 2023
44	24/01/2024	Designación Vogal 4º (Técnico/a designado pola Alcaldía) da Mesa de Contratación Permanente do contrato de Xestión do Pavillón Municipal de Vedra (Exp. 2023/C004/000003)
45	24/01/2024	Altas no padrón municipal de habitantes
46	25/01/2024	Acordo de non división en lotes do Proxecto de reforma e mellora



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



		de camiños en Gundián, Sobredo e outros (POS +2024), de acordo co disposto nas bases reguladoras do citada plan
47	25/01/2024	Acordo de non división en lotes do Proxecto de ampliación abastecemento a San Miguel de Sarandón (POS +2024 - Complementario), de acordo co disposto nas bases reguladoras do citado plan
48	25/01/2024	Aprobación e orde de pagamento de nóminas correspondentes ao mes de xaneiro de 2024
49	25/01/2024	Aprobación e orde de pagamento da taxa de Augas de Galicia por tramitación autorización para o investimento Ampliación de rede de abastecemento á Picón POS +2024. Complementario
50	26/01/2024	Renovación tarxeta de aparcadoiro para persoas con discapacidade (JMIC)
51	26/01/2024	Designación coordinador de seguridade e saúde da obra de Colectores de Saneamento en Fontao (POS +Adicional 2/2023) , adxudicada a Construcciones Caldevergazo, S.L
52	26/01/2024	Aprobación xustificantes de gastos vinculados á prestación varias incluídos na relación de facturas F.2024.1 por importe de 68.325,54 euros
53	29/01/2024	Contratación en función da proposta da Mesa de Selección, de dona Andrea Aris Couso para a posto de monitor/a de tempo libre para o reforzo do servizo de madrugadores en ludoteca municipal
54	29/01/2024	Aprobación quilometraxe do persoal do Centro de Información á Muller (CIM) correspondente ao 4º trimestre de 2023
55	29/01/2024	Altas no padrón municipal de habitantes
56	31/01/2024	Adxudicación praza Programa Conxuga , curso 2023/2024, a BVS
57	31/01/2024	Altas no padrón municipal de habitantes
58	31/01/2024	Solicitude de subvención para o ano 2024 (Plan Corresponsables)
59	01/02/2024	Altas no padrón fiscal da taxa por rede de sumidoiros do exercicio 2024
60	02/02/2024	Aprobación xustificantes de gastos vinculados ás primas de seguros incluídos na relación de facturas F.2024.2 por importe de 6.996,56 euros
61	02/02/2024	Aprobación listaxe cobradora mediante domiciliación bancaria do Programa Conxuga, servizo de madrugadores, correspondente ao mes de febreiro
62	02/02/2024	Aprobación listaxe cobradora mediante domiciliación bancaria do Programa Conxuga, servizo de ludoteca, correspondente ao mes de febreiro
63	02/02/2024	Aprobación listaxe cobradora mediante domiciliación bancaria do servizo de inglés, correspondente ao mes de febreiro
64	02/02/2024	Delegación funcións Alcaldía no 1º Tenente de Alcalde, don Manuel Costa Carneiro, do 10 – 15 de febreiro por viaxe a Bulgaria para asistir ao V evento internacional do proxecto WINEU.rur
65	05/02/2024	Baixa na EIM, curso escolar 2023/2024, de CBM
66	05/02/2024	Baixa na EIM, curso escolar 2023/2024, de DBM
67	05/02/2024	Altas no padrón municipal de habitantes
68	06/02/2024	Alta no SAF, modalidade de libre concorrencia, de SFM
69	06/02/2024	Aprobación PSS da obra de Colectores de saneamento en Fontao (POS +Adicional 2/2023)
70	06/02/2024	Aprobación listaxe cobradora mediante domiciliación bancaria do servizo de cesión de uso de posto no Centro de Emprendemento A Estación, correspondente ao mes de febreiro



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



71	06/02/2024	Aprobación e orde de pagamento de taxa por tramitación de autorización para o investimento Ampliación da rede de abastecemento a Picón (POS + 2024. Complementario)
72	07/02/2024	Solicitude de subvención Aprod Rural 2024 para 2 peóns especialistas xardineiros –forestais a xornada completa)
73	07/02/2024	Altas no padrón municipal de habitantes
74	07/02/2024	Pago bonos alimentos a supermercado (XXVII)
75	08/02/2024	Aprobación listaxe cobradora mediante domiciliación bancaria do SAF-libre concorrencia correspondente ao mes de xaneiro
76	08/02/2024	Aprobación listaxe cobradora mediante domiciliación bancaria do SAF -Dependencia correspondente ao mes de xaneiro
77	08/02/2024	Solicitude de subvención para construción de parque infantil na contorna da escola unitaria de San Xián de Sales
78	09/02/2024	Aprobación expediente de modificación de créditos 1/2024 (xeración vinculada á subvención concedida para o financiamento de actuacións en materia de biorresiduos de competencia municipal correspondente á anualidade 2024)
79	09/02/2024	Aprobación listaxe cobradora mediante domiciliación bancaria do servizo de EIM, correspondente ao mes de xaneiro
80	09/02/2024	Aprobación expediente de contratación de subministración de electricidade de instalacións do Concello de Vedra (Exp. núm. 2024/C005/000001)
81	09/02/2024	Aprobación xustificantes de gastos vinculados a prestación varias incluídos na relación de facturas F.2024.3 por importe de 8.597,38 euros
82	09/02/2024	Altas no padrón fiscal da taxa por rede de sumidoiros correspondente ao exercicio 2024
83	09/02/2024	Aprobación dotacións económicas aos grupos políticos municipais correspondentes ao 4º trimestre de 2024
84	12/02/2024	Pago bonos alimentos a supermercados (XXVIII)
85	13/02/2024	Altas no padrón municipal de habitantes
86	13/02/2024	Recoñecemento trienios persoal municipal
87	15/02/2024	Altas no padrón municipal de habitantes
88	15/02/2024	Altas no padrón municipal de habitantes
89	15/02/2024	Clasificación ofertas contrato de xestión do Pavillón Municipal de Vedra (Exp. 2023/C004/000003)
90	16/02/2024	Altas no padrón municipal de habitantes
91	16/02/2024	Altas no padrón fiscal da taxa de recollida de lixo para o exercicio 2024
92	16/02/2024	Renovación tarxeta de aparcamento para persoas con discapacidade (JMEP)
93	16/02/2024	Altas no padrón municipal de habitantes
94	16/02/2024	Aprobación expediente de contratación de subministración de composteiros, termómetros e aireadores (biorresiduos) (Exp. 2024/C005/000002)
95	16/02/2024	Aprobación modificación de créditos 2/2024 (Incorporación de créditos vinculada a remanentes de créditos para gastos con financiamento afectado)
96	19/02/2024	Aprobación e orde de pagamento de nóminas correspondentes ao mes de febreiro
97	19/02/2024	Cambio de domicilio no padrón municipal de habitantes
98	19/02/2024	Altas no padrón municipal de habitantes
99	19/02/2024	Alta SAF, Libre concorrencia, de AGR



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



100	20/02/2024	Concesión tarxeta de aparcamento para persoas con discapacidade (MSP)
101	20/02/2024	Anulación de factura por abastecemento de auga por erro na lectura do contador e facturación de consumo co importe correcto
102	21/02/2024	Adhesión ao convenio de control da velutina 2024
103	21/02/2024	Solicitude de subvención para o investimento Proxecto de mellora de camiño en Fontao(Vedra) a incluír no Plan Marco de mellora de camiños municipais de acceso a parcelas agrícolas (PMM 2024/2025)
104	21/12/2024	Altas no padrón municipal de habitantes
105	21/02/2024	Altas no padrón municipal de habitantes
106	22/02/2024	Solicitude de subvención para a actuación Control e eliminación detradescantia fluminensis na Zec Sistema Fluvial UllaDeza ao seu paso polo Concello de Vedra (Orde do 17/01/2024 pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria para 2024 e 2025 das axudas para estudos e investimentos vinculados á conservación, recuperación e rehabilitación do patrimonio natural e cultural e á sensibilización ecolóxica na rede Natura 2000 de Galicia, cofinanciado co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Plan estratéxico da PAC 2023- 2027 en Galicia, en réxime de concorrencia competitiva)
107	23/02/2024	Concesión de axuda de emerxencia social a AKY
108	26/02/2024	Solicitude de subvención para o investimento Ampliación da rede de abastecemento en Trasariz e Viño grande (Orde do 28 de decembro de 2023 pola que se regulan os criterios de repartición e se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións da liña en concorrencia non competitiva e da liña en concorrencia competitiva do Fondo de Compensación Ambiental para o ano 2024, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, destinadas a entidades locais de Galicia)
109	26/02/2024	Aprobación listaxe cobradora mediante domiciliación bancaria do servizo de actividades deportivas correspondentes ao 2º cuadrimestre da tempada 2023/2024
110	27/02/2024	Cambio titularidade recibos da taxa de recollida de lixo da vivenda núm. 27 de Xián –Trobe
111	27/02/2024	Cambio titularidade recibos da taxa de recollida de lixo e sumidoiros da vivenda núm. 5 de Argunte – San Mamede de Ribadulla
112	28/02/2024	Adxudicación do contrato de Xestión do Pavillón Municipal de Vedra a Acofide 2000 Xestión S.L (Exp. Núm. 2023/C004/000003)
113	28/02/2024	Altas no padrón municipal de habitantes
114	29/02/2024	Cambio titularidade recibo da taxa de recollida de lixo da vivenda núm. 4 de Bazar- San Andrés de Trobe
115	29/02/2024	Delegación no 2º Tenente de Alcalde, don Enrique Vázquez Martínez, para celebración de matrimonio civil o 02/03/2024
116	29/02/2024	Baixa no padrón fiscal da taxa por rede de sumidoiros da vivenda núm. 3 de Agrelo – Santa Cruz de Ribadulla por imposibilidade de conectarse á rede municipal.
117	29/02/2024	Aprobación da liquidación do orzamento municipal do exercicio 2023

A Xunta de Goberno dáse por informada.



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellovedra.gal



6º.- Outros asuntos.

Non se presentan.

Conclúe ao fío das vinte e unha horas e cinco minutos.



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



ANEXO I CONTRIBUÍNTES CON DEREITO AO RECOÑECIMENTO DA REDUCIÓN DA COTA TRIBUTARIA

Solicitante e titular da vivenda NIF	Porcentaxe da redución
C. I. M. L. 33****65Q	50%
M. E. L. 33****29H	50%
R. F. F. 33****71N	50%
J. C. C. 76****47F	50%
G. C. V. 33****62Y	50%
L. S. M. 76****33S	50%
M. T. C. R. 33****01W	50%
M. V. F. C. 76****49P	50%
M. C. C. 52****72V (P.F 2022 –Herdeiros M ^a C. C. R. 33****38G	50%